

Unha Xanela ao bío de Paco de Tano



[Cerqueda, febreiro de 2003]

No pasado mes de xaneiro, acudimos á presentación do libro ***Xanela ao bío*** de **Francisco Quiroga (Paco de Tano)**. Isto non só foi significativo para nós senón tamén emotivo, xa que tódolos malpicáns acabamos de conseguir unha enorme débeda co autor, porque con este volume acaba de poñer a poesía nacida desde **Malpica de Bergantiños** nos estantes da Historia da Literatura Galega. Así que, amigo e veciño Paco, convertícheste no poeta fundacional da poesía malpicá e isto será para todos nós impagable.

Ti, que naciches en terras ourensás. Ti que non naciches '**pesco**' (fillo do mar, malpicán de pura cepa), tes tanto de malpicán ou máis coma calquera malpicán. Podías pregoar este pedigree tabernas adiante, xa que es adegueiro, e ser mentira, pero acabácheste de delatar con ***Xanela ao bío***.

Con este libro de poemas, conseguiches dous triunfos importantes. Primeiro, enraizar a túa poesía na mellor tradición poética mariñeira; xa sabes, iso de **Manuel Antonio**. Segundo, desde unha linguaxe próxima a lectores e lectoras, soubeches elevar '**localismos**' lingüísticos malpicáns á calidade de lingua literaria; e isto xa desde o propio título: *Xanela ao bío* (a palabra 'bío', cantil, precipicio de ribeira, 'esparañal', da túa man, aparece por vez segunda na literatura galega; quen a empregara antes fora **Xelucho Abella**).

Se dicir ***Xanela ao bío*** é dicir unha porta aberta á lingua literaria desde Malpica de Bergantiños, tamén é dicir un libro que enfeitiza con imaxes dese mundo mariñeiro entretecido con redes, amor e morte. Dicir Paco de Tano, polo tanto, é dicir un poeta que, a través das conversas tralo mostrador cos mariñeiros que traían nos calcañares o temporal da cada noite, soubo pescar un 'tope' de poemas e forxarse un mundo creativo ricaz e interesante, sorprendente e emotivo.

Pero ***Xanela ao bío*** non é tan só un libro de poemas: é unha suma de artes para a emoción dos lectores: a poética de **Paco de Tano**, a pictórica de **Xusto Moreda** e **Paco Souto**, o deseño gráfico de Abraham Vila e a fotográfica de Peter Schneider. Por iso, se a viaxe poética ofrecida por **Paco de Tano** se fai imprescindible, a conxunción coas outras tres artes converte o libro nun dos máis interesantes dentro do panorama editorial galego dos últimos anos.

Na Costa da Morte, desde Malpica de Bergantiños, ***Xanela ao bío***, unha viaxe polos sentidos da arte. Un libro para ler e ver na soleira deste milenio.